

DOCUMENTOS BLOQUE III: TRANSFORMACIÓNS ECONÓMICAS E MOVEMENTO OBREIRO

DOCUMENTOS: REFORMA AGRARIA. AS DESAMORTIZACIÓNS

Doc.1.-Desamortización de Mendizábal (1836):

“Señora: vender a masa de bens que viñeron ser propiedade da nación non é tan só cumprir unha promesa solemne e dar garantía positiva á débeda nacional por medio dunha amortización exactamente igual ao produto das rendas; é abrir unha fonte abundantísima de felicidade pública, vivificar unha riqueza morta, desobstruír as canles da industria e da circulación, apegar ao país polo amor natural e vehemente a todo o propio, anhear a patria, crear novos e firmes vínculos que liguen a ela; é, en fin, identificar co trono excelso a Isabel II, símbolo da orde e da liberdade (...), crear una copiosa familia de propietarios (...).

Art. 1. Quedan declarados en venda desde agora tódolos bens raíces de calquera clase que pertencesen ás comunidades e corporacións relixiosas extinguidas”.

Doc.2.-Desamortización de Espartero (1841):

“Art. 1. Tódalas propiedades do clero secular (...) son bens nacionais (...).

Art. 3. Decláranse en venda tódalas fincas, dereitos e accións do clero catedral, colexial, parroquial, fábricas das igrexas e confrarías”.

Doc.3.-Desamortización de Madoz (1855):

“Art. 1. Decláranse en estado de venda (...) tódolos predios rústicos e urbanos, censos e foros pertencentes: Ó Estado. Ao clero. Ás Ordes Militares (...). Ás confrarías, obras pías e santuarios (...). Aos propios e comúns dos pobos. Á beneficencia. Á instrución pública e calesquera outros pertencentes a mans mortas xa estean ou non mandados vender por leis anteriores”.

Doc.4.- Propietarios e valor dos bens desamortizados entre 1836 e 1867 (en millóns de reais):

<i>Período</i>	<i>Clero</i>	<i>Beneficencia</i>	<i>Concellos</i>	<i>Outros</i>	<i>Total</i>
1836-1844	3.447	0	0	0	3.447
1855-1856	324	167	160	116	767
1858-1867	1.253	461	1.998	438	4.150
<i>Total</i>	5.024	628	2.158	554	8.364

Fonte: Gabriel Tortella Casares, *El desarrollo de la España Contemporánea. Historia económica de los siglos XIX y XX*, Madrid, Alianza, 1994, p. 48.

Doc.5.-O historiador Josep Fontana exprésase do xeito seguinte:“

¿Para que serviu a desamortización? Desde o punto de vista do goberno a resposta é relativamente sinxela. Na etapa de Mendizábal, para salvalo da bancarrota e axudarlle a gañar a guerra civil. Na da chamada lei Madoz, para financiar a construción da rede ferroviaria. Penso que a medida exacta en que estas vendas redundaron en proveito do Estado non debe minimizarse”

DOCUMENTOS: A INDUSTRIA E O PAPEL DO FERROCARRIL

Doc. 1. En 1860 o escritor catalán Manuel Angelón describía o desenvolvemento industrial de Cataluña:

“En España a palabra industria trae infaliblemente á memoria a palabra Cataluña. O principado é sen dúbida o núcleo da forza e riqueza industrial da Península; Barcelona é chamada por propios e estraños a Manchester da nosa querida patria (...). Non hai probablemente industria ningunha que non teña en Cataluña a súa representación, e non en pequena escala, senón en vastas proporcións. Os fiados e tecidos de algodón, os estampados, os tecidos de seda e la nas súas múltiples calidades, damascos, veludos, tisús, encaixes, máquinas, papel, todo se fabrica no antigo principado”

Doc.2. Distribución rexional da produción siderúrxica española (medias anuais en miles de toneladas):

Período	Producción	Andalucía	Biscaia	Asturias
1861-1865	45,65	14,65	11,73	13,17
1871-1875	45,53	4,46	8,72	24,90
1881-1885	131,59	2,89	76,71	40,08
1896-1900	289,24		227,69	102,81

Doc. 3. En febreiro de 1851 o diario conservador El Heraldo facíase eco da inauguración do ferrocarril Madrid-Aranxuez:

“Poucas solemnidades viu Madrid desde a súa fundación que poidan compararse en brillo, (...) en esperanza do porvir, á que presenciou o domingo. A inauguración do ferrocarril de Aranxuez é o primeiro paso que dá a capital da monarquía cara ao mar; é o anuncio seguro de que tarde ou cedo os ricos produtos de Castela, da Mancha e dalgunhas provincias meridionais, estancados hoxe, e afogando na súa improdutiva abundancia ao seu mesmo produtor, impedindo a creación de capitais, e deixando ermos campos feraces que poderían alimentar a metade de Europa, lograsen baleirarse nos grandes mercados do mundo, e cambiarse polos produtos que necesitamos e de que carecemos”.

Doc.4-Lei Xeral de Ferrocarrís (1855):

“Art.6. Os particulares ou compañías non poderán construír liña ningunha (...) se non obtiveron previamente a concesión da mesma (...).

Art.14. As concesións (...) outorgaranse por termo de noventa e nove anos cando máis (...).

Art.19. Os capitais estranxeiros que se empreguen na construción de ferrocarrís ou en empréstitos para este obxecto quedan baixo a salvagarda do Estado e están exentos de represalias, confiscacións ou embargos por causa de guerra”

Doc.5.-En 1843, Jaime Balmes expoñía a escasa capacidade da capital do Estado para servir de motor do desenvolvemento económico español:

“Cabalmente temos en España un atranco gravísimo que inflúe máis do que se cre en paralizar o noso desenvolvemento e en facer inútiles os mellores desexos. A vida de España está nas extremidades; o centro está exánime, fraco, frío, pouco menos ca morto. Cataluña, as provincias Vascongadas, Galicia, varios puntos do mediodía, ofrécennos un movemento, unha animación da que non participa o corazón de España. Londres é digna capital da Gran Bretaña, París, de Francia; na actividade, na vida da que rebordan aquelas cidades vedes as indispensables condicións da cabeza dun gran corpo. En Madrid e en todos os arredores a longuísimas distancia nada parello atoparedes. Nin agricultura, nin industria, nin comercio”.

DOCUMENTOS: MOVEMENTO OBREIRO

Doc. 1. Mensaxe enviada polas asociacións obreiras de Cataluña ao Terceiro Congreso da Asociación Internacional de Traballadores de Bruselas en setembro de 1868:

“Encadeadas despois de longo tempo por un poder despótico, as sociedades obreiras de España envían un saúdo cordial ós seus irmáns do resto de España. O momento presente non é moi favorable ás asociacións. Non obstante [...] en Cataluña e en Andalucía as asociacións obreiras desenvólvense pouco a pouco [...]. Os obreiros españois están dispostos a loitar cos seus irmáns contra esa formidable asociación do Exército, do Trono e do Altar, para establecer ao fin, sobre bases sólidas, a paz, a xustiza e o traballo”.

Doc. 3. A AIT aos obreiros españois. Xenebra, 26 de decembro de 1868:

“O pobo español expulsou a raíña Isabel; nós posuímos a convicción de que non sufrirá máis o restablecemento do realismo. [...] Reivindicade polo tanto as reformas que a revolución política por si soa é incapaz de producir para o ben do pobo, para o ben de todos. [...] Irmáns de España: Vinde, adherídevos en masa á nosa obra; que as vosas sociedades obreiras veñan afiliarse á nosa asociación, que as seccións da Internacional se funden e multipliquen en todas as vosas cidades, en todas as vosas aldeas. O porvir é voso”.

Doc.4 Manifesto da Ferderación Rexional Española aos traballadores españois. Madrid, 31 xaneiro 1872.

“O noso lema non pode ser máis claro nin terminante:

NON MÁIS DEREITOS SEN DEBERES; NON MÁIS DEBERES SEN DEREITOS

Ou noutros termos: O QUE QUEIRA COMER QUE TRABALLE

Este é o socialismo que proclama a Internacional, cuxas dúas afirmacións principais son: en economía, o colectivismo; en política, a anarquía. O colectivismo, é dicir, a propiedade común dos instrumentos do traballo, utilización dos mesmos polas colectividades obreiras que os fagan directamente producir, e propiedade individual do froito íntegro do traballo de cada cal. A anarquía, é dicir, a abolición dos gobernos, ou sexa a súa conversión en simples administradores dos intereses colectivos”.

Doc. 5. Proclama dirixida pola Comisión federal da Federación Rexional Española a todos os internacionais (Alcoi, 24 de febreiro de 1873):

“[...] A base principal da revolución que anhelamos cremos que consiste na completa descentralización, ou mellor dito, na destrución total dos poderes autoritarios, eternos inimigos do progreso, da liberdade e da xustiza. [...] É preciso ir adiante cara ao triunfo da Anarquía e do Colectivismo, é dicir, a destrución de todos os poderes autoritarios e dos monopolios de clase, onde NON HABERÁ NIN PAPAS, NIN REIS, NIN BURGUESES, NIN CURAS, NIN MILITARES, NIN AVOGADOS, NIN XUÍCES, NIN ESCRIBÁNS NIN POLÍTICOS; pero si unha libre federación universal de libres asociacións obreiras agrícolas e industriais [...]”

Doc. 6. Informe da agrupación socialista madrileña ante a Comisión de Reformas Sociais. 1884.

“Queredes de boa fe favorecer a clase traballadora? Recoñecédelle os dereitos políticos; permitídlle a libre emisión das súas ideas, a asociación en defensa dos seus intereses, a libre acción política, nunha palabra. Reservádevos en boa hora, o dereito de manter pola forza a orde pública. Nós, que sabemos que toda revolución vai precedida dunha evolución máis ou menos rápida, pero sempre longa, coidaremos de non vos dar o gusto de que resolvades pola forza o que non podedes alcanzar coa razón. Quedaremos citados para a batalla final. Entre tanto, viviremos dentro da legalidade, limitada só pola necesidade da orde pública; loitaremos pacificamente na prensa, nos comicios, nas asembleas. Compararemos pacificamente intereses con intereses, doutrina con doutrina. Veremos cales triunfan na opinión pública, na conciencia social”.

Doc. 7. Estatutos da UXT, aprobados en Barcelona en 1888:

“Artigo 1º. A Unión Xeral de Traballadores de España ten por obxecto: 1º. Reunir no seu seo as Sociedades, Federacións e Unións de Resistencia. 2º. Crear novas Seccións de oficio e constituílas en Federacións Nacionais. 3º. Mellorar as condicións de traballo. 4º. Manter estreitas relacións coas organizacións obreiras dos demais países que persigan o mesmo fin ca esta Unión, e practicar con elas, sempre que sexa posible, o principio da solidariedade.

Artigo 2º. A Unión Xeral de Traballadores de España propónse realizar o seu obxecto apelando á folga ben


organizada e solicitando dos Poderes públicos cantas leis favorezan os intereses do traballo, tales como a xornada legal de oito horas, fixación dun salario mínimo, igualdade de salario para os obreiros dun e outro sexo, etc. [...].”

EVOLUCIÓN DA SOCIEDADE NO S. XIX

Doc.1.- Poboación agraria en %. Baía edicións.

	1850	1900
GRAN BRETAÑA	22	9
BÉLXICA	50	27
ESPAÑA	70	68
POLONIA	82	77

Doc. 2. Composición da poboación activa española hacia 1860 en %.



Doc.3 A muller dor porvir de Concepción Arenal. 1861

“(...) As leis civís consideran á muller como menor se está casada, e aínda que non estea, néganlle moitos dos dereitos concedidos. Se a lei civil mira á muller como un ser inferior ao home, moral e intelectualmente considerada, por que a lei criminal lle impón o mesmo dereito é mirada como inferior ao home, e ante o delito se lle considera igual a el?(...)”

Doc. 4. Condición xurídica da muller. Código Civil. 1889

Art. 57. O marido debe protexer á muller e esta debe obedecer ao marido (...).

Art. 59. O marido é o administrador dos bens da sociedade conxugal.

Art. 61. Tampouco pode a muller, sen licenza ou poder do seu marido, adquirir (...), nin allera os seus bens.

Art. 62. AS compras de xoias, mobles e obxectos preciosos, feitas sen licenza do marido, só se validarán cando este consinta á